

Orde do 27 de maio de 2022 pola que se modifica a Orde do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B).

Última versión

Inclúe a corrección de erros publicada no DOG núm. 111, do 10 de xuño de 2002.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, configura unha nova organización e currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato que implica a desaparición ou cambio de denominación dalgunha das materias existentes no sistema educativo anterior e a aparición de novas materias.

De conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no exercicio da potestade regulamentaria, as administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

Xa que logo, en aplicación dos principios de necesidade, eficacia, eficiencia, seguridade xurídica, transparencia e, sen dúbida, de eficiencia para evitar cargas administrativas innecesarias como a que suporía a formulación dunha nova solicitude de habilitación para as persoas que posúen unha formación de educación superior adecuada acreditada mediante a preceptiva resolución de habilitación que lles permite impartir o currículo das novas materias establecidas, procede habilitar de oficio a estas persoas de acordo coas correspondencias establecidas no anexo desta orde. Así mesmo, habilitarase de oficio a todas as persoas que posúan unha resolución de habilitación de materias que manteñen no novo sistema a mesma denominación do anterior sistema educativo.

Pola súa vez, as persoas que non posúan unha resolución de habilitación que lles permita a habilitación de oficio nas novas materias ou naquelas que manteñen a mesma denominación, poderán solicitar a habilitación nestas materias nos prazos de presentación de solicitudes establecidos no artigo 13 da Orde do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B).

Na súa virtude, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DISPÓN:



Artigo único. Modificación da Orde do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B)

Aprobar a modificación da Orde do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B) nos seguintes termos:

Engádesse unha nova disposición adicional novena coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. Habilitación de oficio

1. As persoas habilitadas para impartir docencia nos centros privados nas materias da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, serán habilitadas, de oficio, nas novas materias da educación secundaria obrigatoria e/ou do bacharelato da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo as correspondencias que se relacionan no anexo desta orde. Cando a habilitación que se posúa sexa para centro e materia, ou para unha etapa educativa, a nova habilitación manterá as mesmas condicións.

2. As persoas habilitadas para impartir docencia nos centros privados nas materias da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa serán habilitadas, de oficio, nas materias da educación secundaria obrigatoria e/ou do bacharelato cuxa denominación sexa coincidente coas da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación nas mesmas condicións da habilitación anterior».

Disposición derradeira primeira. Autorización de desenvolvemento

Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2022

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

ANEXO



Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

[táboa]

Habilitacións LOMCE (Ley orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mejora de la calidade educativa)	Habilitacións LOMLOE (Ley orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por a que se modifica la Ley orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación)
Educación plástica, visual y audiovisual ESO	Expresión artística ESO
Matemáticas aplicadas a las ciencias sociales BTO	Matemáticas generales BTO

Corrección de erros. Anexo redactado conforme a corrección de erros publicada no DOG
núm. 111, do 10 de xuño de 2002.

